

2

NORMAS XERAIS



PLAN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE FP
2015/2016

2.1 INSCRICIÓN

A inscrición nas actividades realizarase, no prazo establecido, unicamente mediante a aplicación web de xestión da formación do profesorado www.edu.xunta.es/fprofe.

2.2 CRITERIOS DE SELECCIÓN

As actividades de formación permanente do profesorado de formación profesional irán dirixidas ao profesorado que desenvolve o seu labor docente ou especializado nos centros sostidos con fondos públicos, dentro do ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A admisión en cada unha das actividades, segundo o punto 3 do artigo 7 da Orde do 14 de maio de 2013 (DOG do 22 de maio) pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, realizarase de maneira individual, conforme aos seguintes criterios de prioridade:

1. Criterios específicos sinalados na convocatoria da actividade.
2. Distribuiranse as prazas das actividades entre o maior número de centros, e terá prioridade o profesorado que estea proposto polo departamento da súa familia profesional, segundo o documento que establece a preferencia para a selección de participantes en actividades de formación do profesorado. Entre este, terá preferencia o profesorado que teña destino en calquera dos centros pertencentes á rede de centros integrados de formación profesional.
 - O departamento correspondente propondrá, mediante reunión, a orde de prioridade para a selección de participantes nas actividades de formación do profesorado, polo que se atenderá ás necesidades do profesorado que impartirá os módulos profesionais, no vindeiro curso académico, asociados á formación que desenvolverá a actividade.
 - A xefatura do departamento remitiralle o acordo do departamento á unidade administrativa xestora da actividade, ao CFR correspondente ao seu ámbito xeográfico ou ao CAFI para as actividades centralizadas e as que se organicen no ámbito xeográfico de Santiago de Compostela. O modelo de acordo do departamento estará dispoñible en <http://www.edu.xunta.es/fp/plan-de-formacion>.
 - A proposta realizada polo departamento non ten efectos de inscrición na actividade, polo que o profesorado deberá formalizar a súa inscrición segundo o procedemento xeral.
 - O prazo para presentar a orde de prioridade é o mesmo que o de inscrición.
3. Pertenza á especialidade do profesorado para a que se destina a actividade.
4. A distribución de prazas proporcional ao número de profesores e profesoras do departamento, en relación co total do profesorado da familia profesional.

5. Non ter participado na mesma actividade en anos anteriores.
6. Non estar participando nin ter confirmada a admisión noutra actividade, presencial nin de teleformación que coincida, en tempo, na súa totalidade ou en parte, coa actividade solicitada.
7. Ser funcionario/a de carreira.
8. Maior antigüidade como funcionario/a de carreira.
9. Ser funcionario/a en prácticas.
10. Ser interino/a ou substituto/a.

O profesorado seleccionado para a actividade recibirá un correo electrónico na súa conta corporativa (@edu.xunta.es) e deberá confirmar dentro do prazo indicado a súa participación na actividade ou a súa renuncia a través do sistema de xestión da formación do profesorado (<http://www.edu.xunta.es/fprofe>), de non facelo, entenderase que renuncia ao seu dereito a participar na actividade.

Se a persoa seleccionada para a actividade de formación non puidese asistir, deberá comunicarllo ao asesor ou á asesora que coordina a actividade no menor prazo posible.

As persoas admitidas que teñan confirmada a asistencia e non comparezan á primeira sesión, sen causa xustificada, serán dados de baixa na actividade e non serán seleccionados para as actividades que se desenvolvan no mesmo curso académico.

As persoas participantes nunha actividade de formación na Rede, deberán realizar a súa presentación obrigatoria no foro destinado a tal fin, na aula virtual do curso, no prazo indicado pola coordinación da actividade. De non realizar a dita presentación, serán dadas de baixa da actividade cos efectos establecidos no parágrafo anterior.

Non poderá participar en actividades de formación permanente o persoal docente en situación de baixa ou de incapacidade laboral transitoria.

As persoas participantes nas actividades de formación do profesorado poderán ser beneficiarias de bolsas de axudas por desprazamento, sempre que o seu centro de destino e o domicilio particular estean a unha distancia superior a 50 quilómetros. No caso de ser beneficiario dunha bolsa, a distancia de referencia será a que exista entre o lugar de celebración da actividade e o centro de destino.

